

Satisfacción das firmas galegas nos encontros empresariais organizados pola Cámara de Vigo para Navalia 2010

- Dúas empresas pertencentes á industria auxiliar do sector confirmaron ao término do evento a sinatura de novos contratos
- A concentración de reunións nun mesmo lugar e o coste cero da iniciativa son as dúas características máis valoradas polos responsables empresariais participantes nesta misión inversa

Vigo, 26/05/10.- Os resultados da misión inversa de empresas do sector naval organizada con motivo da celebración de NAVALIA 2010, a Feria Internacional da Industria Naval, non puideron ser máis satisfactorios para a Cámara de Comercio de Vigo, que recolleu as opinións dos participantes cunha nota alta. Pese a que aínda é cedo para valorar o resultado definitivo deste encontro empresarial, as primeiras enquisas recibidas confirman que unha alta porcentaxe das reunións derivaron no inicio de negociacións entre as empresas galegas e as visitantes. Tanto é así que, polo momento, xa hai dúas compañías pertencentes á industria auxiliar do sector naval con novos contratos asinados.

De maneira xeneralizada as empresas galegas opinan que estas reunións foron moi satisfactorias, xa que permiten manter o contacto con persoas de gran poder de decisión e as cales non é doado acceder. Ademais, as firmas que visitaron o Meeting Point da Cámara “proceden de mercados emerxentes e interesantes para as nosas empresas”. Por outra banda, un dos aspectos máis valorados foron o coste cero destes encontros, i é que si estas mesmas visitas se realizasen por conta das propias empresas galegas “sería moi costoso, cunha dedicación de tempo alta e non se chegaría con tanta facilidade ás persoas que deciden”, explican nas súas enquisas.

Opinións internacionais

Pola súa banda, as firmas internacionais presentes no Meeting Point valoraron moi positivamente este formato de entrevistas, xa que permite aforrar tempo ao evitar os desprazamentos e facilitan poder coñecer a un gran número de empresas. Cabe destacar que as compañías procedentes da India amosáronse moi sorprendidas polo desenvolvemento do sector naval en Galicia, xa que para algunhas era descoñecido.

Hai que recordar que esta misión comercial inversa organizada polas Cámaras de Comercio de Vigo e Pontevedra, no marco de Navalia 2010, multiplicaron o número de firmas participantes con respecto á anterior edición. Así, un total de 61 empresas galegas e 30 do extranxeiro, estiveron presentes nestes

encontros empresariais, que se enmarcan dentro do Plan FOEXGA, e nos que se levaron a cabo máis de 800 reunións de negocios, así como unha visita ao Porto de Vigo e ao estaleiro Hijos de J. Barreras.